


LABORATORIO DE ESTREMONÍAS

Por
Mónica Gamaño

Sábado 17 de marzo
ás 22.30 horas
Entrada 10 euros.
Prazas limitadas

O **Teatriño** é unha actividade da Fundación Luis Seoane, comisariada por Camilo Franco, coa fin de pescudar unha relación directa entre actrices da escea galega e o público. Durante 45 minutos unha actriz poderá efectuar un acto performativo diante do público. Dela dependerá o texto, posta en escea, vestuario, presentación... nunha montaxe única que non voltará a repetirse máis. O Teatriño estréase neste mes de marzo de 2018, mes da muller e do teatro.



O teatro é unha dimensión da realidade. Ás veces decórase e outras íspese. O teatro é como a vida vista ao microscopio e por iso parece axeitado velo de cerca e ao natural. Eliminar a distancia entre as actrices e as espectadoras é a intención do **Teatriño**. Deixar que cada intérprete conte o que queira e como queira co menor artificio posible. Cos espectadores como parte indispensable da súa contorna. É un teatro inesperado para cambiar o lugar da escena e o lugar das espectadoras. Para que todo o que cambie leve ao feito teatral ao mesmo lugar no que estivo na súa orixe: a ese encontro humano e directo entre quen quere contar unha historia e quen quere escoitar.

O **Teatriño** comeza polas actrices por volver ao equilibrio natural. Por reivindicar unha profesión e por presumir de capacidades. A primeira temporada do ciclo estará protagonizada por actrices asumindo ese desafío de facer exactamente o que cren que é a súa profesión: sen decorados, sen vestuario, sen a distancia de subirse ás táboas. Só intérpretes desenvolvendo a potencia de actuar.

Traballos de actriz

Se libramos o teatro da maquinaria queda a interpretación. Esa é a proposta do Teatriño, un espazo inesperado que non deixa distancia entre quen fala e quen escoita. En cada función unha actriz a soas coa súa maneira de ver o teatro nun espazo que só será escenario pola súa presenza. Este é un territorio de actrices cunha encomenda singularmente común: que fagan o seu traballo do xeito que mellor consideren: ao vivo, en directo e ao pé do público. Sen adubíos, sen intermediarios. Só actrices coas súas armas.

FUNDACIÓN  **LUIS SEOANE**

San Francisco, 27- 15001 – A Coruña
+34 981 21 60 15
info@fundacionluisseoane.gal
www.fundacionluisseoane.gal

COLABORA:

GADIS